



REGULAMENTO CAMPIONATO PROVINCIAL XUVENIL CAMPO A TRAVES TEMPADA 2009/2010

A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organiza o "CAMPIONATO PROVINCIAL XUVENIL DE CAMPO A TRAVES", a celebrar o día 6 de febreiro do ano 2010 no circuito do Complexo Polideportivo de Monterrei en Pereiro de Aguiar – Ourense. As probas disputaranse de forma conxunta coas probas de categoría cadete do Campionato Provincial Escolar.

PARTICIPACION: Poderán participar tódolos atletas con licencia federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada 2009-2010.

Todo aquel atleta que se inscriba e non tramitara a súa licencia federativa pola Delegación en Ourense ou pola Delegación de Valdeorras da F.G.A. tendrá que presentar na Secretaría da Competición un documento que acredite que ten licencia federativa, nacional o autonómica, en vigor para a tempada en curso. Os atletas que incumplan o presente apartado non poderán participar.

INSCRIPCIONS: Deben enviarse a Delegación Ourensana de atletismo (R/ Noriega Varela, Nº 12 - bajo – 32004 Ourense; teléfono e fax: 988 245353; correo electrónico: fgaourense@gmail.com con anterioridade as **20:00 horas do xoves 4 de febreiro de 2010**.

CLASIFICACIONES: Se establecerán clasificacións individuais e por equipos.

- **Individuais(*)**: Se entregarán medallas os tres primer@s clasificados.
- **Por equipos(**)**: Se entregarán trofeos os tres primeiros equipos clasificados. O número de atletas dun equipo e libre, puntuando para a clasificación os 3 primeiros atletas que cheguen a meta e contabilizando os seis primeiros atletas de cada equipo.

A puntuación farase da seguinte maneira:

- Confeccionarase unha lista de chegada formada por tódolos atletas que cheguen a meta, para a competición por equipos teranse en conta os 3 primeiros integrantes dos equipos que cheguen a meta.
- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe según esta lista de chegada.
- Se sumarán os puntos dos 3 mellores atletas clasificados de cada equipo.
- Será vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio tercer corredor clasificad@ terminara máis próximo o vencedor da proba.

HORARIO E DISTANCIAS A PERCORRER

HORA	CATEGORIA	VOLTAS	DISTANCIA
11:00	XUVENIL FEMININO	2 Voltas Grandes	2.800 mts. aprox.
11:25	XUVENIL MASCULINO	3 Voltas Grandes	4.100 mts. aprox.
13:30	ENTREGA DE PREMIOS		

(*)Para o Cpto. Provincial Individual contarán únicamente aqueles atletas que cumplan 3 das seguintes condicións:

- Ser ciudadano Español (Acreditado mediante o carnet de identidade).
- Ser Ourensán de nacemento (Acreditado mediante o carnet de identidade ou partida de nacemento).
- Con domicilio legal na Provincia de Ourense (Acreditado mediante certificado de empadronamento).
- Estar fichado por un clube da provincia de Ourense (Ficha dilixenciada para a Tempada 2009/2010).

(**) Para a clasificación por equipos puntuarán todos aqueles atletas fichados por clubes da Provincia de Ourense.

